

**CONFLITO LABORAL**

Os profesionais sanitarios ameazan con facer folga na atención primaria na semana previa ó Nadal

04.12.2007 Así o indicaron os representantes dunha plataforma integrada por seis sindicatos

EFE. SANTIAGO

Os profesionais sanitarios do servizo de Atención Primaria ameazan con convocar unha folga para a semana previa ás festas de Nadal, probablemente o 21 de decembro, indicaron hoxe os representantes dunha plataforma integrada por seis sindicatos.

Os representantes sindicais informaron nunha conferencia de prensa de que o próximo 12 de decembro os traballadores do servizo de Atención Primaria concentraranse ás 12:00 horas nos propios centros e nas xerencias para reclamar melloras laborais á Administración sanitaria.

A plataforma, á que pertencen CCOO, CIG, UXT, CSI-CSIF, Sindicato de Enfermería (Satse) e Confederación Estatal de Sindicatos Médicos (CESM), denunciou a "falta de resposta" do Servizo Galego de Saúde.

Ademais, recriminou a demora para a creación dunha mesa sectorial de negociación, que podería reunirse o 14 de decembro, tras ser atrasada a data en varias ocasións por parte da Xunta.